

1 Proxecto de Orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores
2 de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais na Comunidade Autónoma de Galicia,
3 e se regula o acceso ás ditas ensinanzas.

4

5 A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establece os principios xerais que deben
6 rexer o sistema educativo, e no seu artigo 56, os aspectos básicos das ensinanzas artísticas
7 superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

8

9 O Decreto 352/1991, do 17 de outubro, creou a Escola Superior de Conservación e Restauración
10 de Bens Culturais de Galicia, con sede en Pontevedra.

11

12 O desenvolvemento normativo destas ensinanzas iniciouse coa publicación do Real decreto
13 1614/2009, de 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas
14 superiores reguladas pola citada Lei orgánica, e continúa coa publicación do Real decreto
15 635/2010, de 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas
16 superiores de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais.

17

18 Deste xeito, o artigo 7 do citado Real decreto 635/2010 dispón que as administracións
19 educativas, vista a proposta dos centros, establecerán o plan de estudos, completando ata o total
20 de 240 créditos os mínimos fixados nese Real decreto, de conformidade cos criterios que nel se
21 determinan.

22

23 Procede, en consecuencia, que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, vista a
24 proposta da Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, estableza o
25 plan de estudos destas ensinanzas para o seu ámbito competencial.

26

27 A finalidade da presente norma é a de definir o plan de estudos con identidade propia e con
28 capacidade de adaptación ás particularidades da Escola de Conservación e Restauración de Bens
29 Culturais de Galicia, con criterios de rigor, calidade e excelencia. Asemade, preténdese potenciar
30 a diversidade de procesos formativos para garantir un alto nivel de cualificación aos graduados e
31 graduadas en Conservación e Restauración de Bens Culturais e posibilitar que os currículos se
32 poidan adaptar ás expectativas e intereses formativos do alumnado, así como á demanda social
33 do tecido cultural e empresarial.

34

1 Asemade, a presente orde establece as disposicións referentes á proba de acceso a estas
2 ensinanzas, reguladas con carácter básico no citado Real decreto 635/2010, de 14 de maio.

3

4 E consecuencia co exposto, e en virtude das atribucións conferidas pola normativa anteriormente
5 citada, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

6

7

DISPÓN

8

9

Capítulo I

10

Disposicións xerais

11

12 Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

13

14 1. Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Real decreto 635/2010, de 14 de maio, polo que se
15 regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Conservación e
16 Restauración de Bens Culturais, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio, de Educación, a
17 presente orde dispón, vista a proposta da Escola de Conservación e Restauración de Bens
18 Culturais de Pontevedra, o plan de estudos para as ensinanzas de grao en Conservación e
19 Restauración de Bens Culturais.

20 2. Esta orde regula igualmente os procedementos para o acceso a estas ensinanzas.

21 3. Esta orde será de aplicación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

22

23 Artigo 2.- Finalidade das ensinanzas de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais.

24 As ensinanzas artísticas conducentes á obtención do título de graduado ou graduada en
25 Conservación e Restauración de Bens Culturais deberán proporcionar unha formación práctica,
26 teórica e metodolóxica, a través do desenvolvemento das materias que conforman a
27 especialidade elixida, co fin de garantir a cualificación dos futuros profesionais da Conservación e
28 Restauración de Bens Culturais, nos ámbitos relativos á concepción, formulación, comunicación e
29 dirección dos proxectos propios de cada especialidade, e á creación e investigación.

30

31

Capítulo II

32

Estrutura das ensinanzas

33

34 Artigo 3.-Estrutura básica do Título.

1

11. A duración das ensinanzas de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais en cada
2una das súas especialidades, comprenderá catro cursos académicos, de 60 créditos ECTS cada
3un, cun total de 240 créditos ECTS, de acordo co Sistema Europeo de Transferencia de
4Créditos.

52. Para os efectos do establecido no apartado anterior sobre os créditos europeos, terase en
6conta o previsto no artigo 4 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se
7establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006,
8de 3 de maio, de Educación, e no artigo 6 do Real decreto 635/2010, de 14 de maio, polo que
9se regula o contido básico das ensinanzas superiores de grao en Conservación e Restauración de
10Bens Culturais, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

113. Os dous primeiros cursos do plan de estudos serán comúns, para todos os efectos e a todas
12as especialidades dos estudos de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais, e os
13dous últimos cursos do plan de estudos serán diferenciados segundo cada unha das
14especialidades do mesmo Título.

15

16Artigo 4.- Crédito europeo

17 1. De acordo co establecido no artigo 4 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo
18 que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei
19 2/2006, do 3 de maio, de Educación, o haber académico que representa o cumprimento
20 dos obxectivos previstos nos plans de estudos conducentes á obtención de títulos oficiais
21 de ensinanzas artísticas superiores, medirase en créditos europeos ECTS.

22 2. Nesta unidade de medida intégranse as ensinanzas teóricas e prácticas, así como outras
23 actividades académicas dirixidas, con inclusión das horas de estudo e de traballo así
24 como mostras públicas e probas que o estudante debe realizar para acadar os obxectivos
25 formativos propios de cada unha das materias do plan de estudos.

26 3. O número de créditos será distribuído entre a totalidade das materias integradas no plan
27 de estudos que deba cursar o estudante.

28 4. A asignación de créditos e a estimación do seu correspondente número de horas,
29 entenderase referida a un estudante dedicado a cursar a tempo completo os estudos
30 correspondentes ás ensinanzas artísticas superiores durante 38 semanas por curso
31 académico.

32 5. O número de horas por crédito ECTS será de 25, en desenvolvemento do establecido
33 polo Real Decreto 1614/2009, do 26 de outubro, no seu artigo 4.4.

34

1

Capítulo III

2

O plan de estudos

3

4Artigo 5.- Especialidades

5As especialidades que configuran as ensinanzas de grao en Conservación e Restauración de
6Bens Culturais na Comunidade Autónoma de Galicia son as seguintes:

7 - Bens Arqueolóxicos.

8 - Escultura.

9 - Pintura.

10

11Artigo 6.-Competencias e perfís profesionais.

12De conformidade co establecido no artigo 6.2 do Real decreto 635/2010, do 14 de maio polo que
13se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Conservación e
14Restauración de Bens Culturais establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación, as
15competencias transversais, as competencias xerais, e as competencias específicas e os perfís
16profesionais definidos para cada unha das especialidades, son as que se determinan no anexo I do
17citado Real decreto.

18

19Artigo 7.- Estrutura.

202. A distribución dos 240 créditos ECTS e das materias que os completan respectarán os
21seguintes criterios:

22 a) As materias de formación básica do Título de grao en Deseño son as que figuran no
23 anexo I desta orde e terán os créditos ECTS que nela se establecen.

24 b) As materias obrigatorias de especialidade do Título de grao en Deseño serán as que
25 figuran no anexo I deste Decreto e terán os créditos ECTS que nel se establecen.

26 c) As Prácticas Externas corresponderanlle entre 6 e 25 créditos ECTS, e serán obxecto
27 regulación específica.

28 d) O Traballo Fin de grao terá os créditos ECTS que figuran no anexo a esta Orde.

29

30Artigo 8.- Matrícula

311.- O alumnado só poderá realizar a matrícula nos estudos de grao en Conservación e
32Restauración de Bens Culturais para realizar estudos oficiais con carácter presencial.

332. A matrícula no primeiro curso será de curso completo.

13.- Para o segundo, terceiro e cuarto cursos, os alumnos e alumnas poderán formalizar a
2matrícula por materias, pero deberán matricularse obrigatoriamente nas materias de formación
3básica que suporán, cando menos, un total de 30 créditos ECTS, sen prexuízo do cumprimento
4dos criterios de promoción que oportunamente se establezan.

54. O alumnado non poderá matricularse dunha materia progresiva dun curso, no caso de ter
6pendentes materias coa mesma denominación ou de carácter progresivo, de cursos anteriores.

7

8Artigo 9.- Renuncia de matrícula

9O alumnado poderá solicitar a renuncia de matrícula perante a dirección e presentada no rexistro
10da Secretaría da Escola. O prazo para a renuncia rematará o último día hábil do mes de
11setembro. A renuncia de matrícula suporá a perda da condición de alumno oficial e non implicará
12a devolución de taxas.

13

14Artigo 10.- Validación de materias

15 1. O prazo de solicitude de validacións de materias será de quince días hábiles contados a
16 partir do primeiro día de clase, segundo o establecido no calendario escolar fixado pola
17 Consellería competente en materia de Educación. Para a solicitude de validacións o alumnado
18 deberá cubrir un impreso oficial establecido nas normas de funcionamento da Escola e
19 achegar a documentación que corresponda.

20 2. As validacións de materias só se poden dar entre estudos do mesmo nivel: superior e/ou
21 universitario.

22 3. Para as validacións de estudos cursados terase en conta o disposto no artigo 10 do Real
23 decreto 635/2010 de 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas
24 superiores de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais, establecidas na Lei
25 2/2006, de 3 de maio de Educación ademais das seguintes especificacións:

26 a) O alumnado que iniciou os seus estudos superiores noutra comunidade
27 autónoma e se traslade á Comunidade Autónoma de Galicia, deberá cursar as
28 materias correspondentes aos cursos xa superados por eles que non se adapten ao
29 currículo desta comunidade autónoma. Non obstante, o alumnado poderá solicitar a
30 validación de materias que teña superadas no centro de orixe, por aquelas do
31 currículo desta comunidade autónoma, que teñan relación directa no seu deseño
32 curricular.

33 b) Para validar as materias cursadas noutras comunidades autónomas, o alumno ou
34 alumna achegará as programacións das materias superadas para que a escola poida

1 establecer cales das materias que figuran no currículo de Galicia lle poden ser
2 validadas. Será competencia da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional
3 e Innovación Educativa, previo informe da dirección da Escola, establecer as
4 correspondentes validacións. Para a elaboración do devandito informe, a dirección
5 solicitará, de ser o caso, asesoramento dos diferentes departamentos relacionados
6 coas materias de que se trate.

7 c) As ditas validacións deberán ser rexistradas no expediente do alumno. Neste
8 suposto, xuntarase ao dito expediente toda a documentación relativa á devandita
9 validación.

10 d) As materias cursadas no centro de orixe que non sexan validables por ningunha
11 das materias que figuran no currículo da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán
12 ser obxecto de recoñecemento como créditos de materias de libre elección ou
13 optativas, debéndose, para este suposto, aplicar o mesmo procedemento de
14 adaptación das materias antes citado.

15

16 **Artigo 11.- Convocatorias ordinarias e extraordinarias**

171. En cada curso escolar establécense dúas convocatorias para a valoración e avaliación do
18 rendemento do alumnado nas materias anuais, unha ordinaria e outra extraordinaria.

192. No caso de materias cuatrimestrais, as convocatorias para o primeiro cuatrimestre
20 realizarase nos dez días seguintes ao remate das actividades lectivas presenciais
21 correspondentes ao primeiro cuatrimestre, e igualmente no caso das materias do segundo
22 cuatrimestre.

233. As convocatorias ás que se refire este artigo computaranse de forma sucesiva, entendéndose
24 esgotadas no caso de que o alumno non se presente ás probas, estando matriculado. O
25 alumnado poderá solicitar anulación motivada de convocatoria que será resolta pola dirección
26 da Escola.

274. Cando se produza un traslado de expediente entre centros, o alumnado só disporá das
28 convocatorias non consumidas no centro de procedencia.

29

30 **Artigo 12.- Anulación de convocatorias.**

311. O alumnado poderá solicitar a anulación de convocatoria, mediante solicitude dirixida á
32 dirección da Escola, que poderá presentar ate o último día hábil do mes de xaneiro para a
33 convocatoria ordinaria do primeiro cuatrimestre, e ata o último día hábil do no mes de maio
34 para a convocatoria ordinaria do segundo cuatrimestre.

12. Para a convocatoria extraordinaria, a anulación de convocatoria poderá realizarse ata unha
2 semana antes da data de realización da proba.

33. Correspóndelle ao director/a do centro conceder a anulación de convocatoria, previo informe
4 da xefatura de estudos, que, en todo caso, deberá ter unha causa suficiente que a xustifique,
5 non sendo admisible como causa de anulación a falla de rendemento académico.

6

7Artigo 13.- Avaliación e sistema de cualificacións.

8 1. A avaliación do proceso de aprendizaxe do estudante basearase no grao e nivel de
9 adquisición e consolidación das competencias establecidas de acordo co perfil profesional
10 definido para cada unha das especialidades recollidas nesta orde.

11 2. A avaliación será continuada, diferenciada por materias e terá un carácter integrador en
12 relación cos obxectivos definidos no plan de estudos. A avaliación do traballo fin de grao será
13 única e requirirá ter aprobadas a totalidade das materias que integran o plan de estudos.

14 3. Os criterios de avaliación especificaranse nas programacións didácticas e serán
15 obxectivables e mensurables de acordo cos parámetros que se definan para tal fin.

16 4. A obtención dos créditos correspondentes a unha materia requirirá superar as
17 correspondentes probas de avaliación ou exames.

18 5. A media do expediente académico de cada alumno será o resultado da aplicación da
19 seguinte fórmula: suma dos créditos obtidos polo alumno en cada materia multiplicado cada
20 un deles polo valor das cualificacións que correspondan á materia, e dividida a cifra
21 resultante polo número de créditos totais superados polo alumno.

22 6. O nivel de aprendizaxe conseguido polos estudantes expresarase con cualificacións
23 numéricas. Os resultados obtidos polo alumno en cada unha das materias do plan de estudos
24 cualificaranse en escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal, podendo engadirse
25 a súa correspondente cualificación cualitativa:

26 0-4.9: Suspenso (SS)

27 5.0-6.9: Aprobado (AP)

28 7.0-8.9: Notable (NT)

29 9.0-10: Sobresaínte (SB)

30 7. A mención de "Matrícula de Honra" poderá ser outorgada a alumnos ou alumnas que
31 obteñan unha cualificación igual ou superior a 9.0. O seu número non poderá exceder de
32 unha por cada 20 alumnos/as matriculados nunha materia no correspondente curso
33 académico, non sendo que o número de alumnos matriculados sexa inferior a 20, en cuxo
34 caso poderase conceder unha soa "Matrícula de Honra".

1 8. A obtención do título de Graduado ou Graduada en conservación e restauración de bens
2 culturais requirirá a superación da totalidade das materias, as Prácticas Externas e o Traballo
3 fin de grao, que constitúen o plan de estudos.

4

5Artigo 14.- Reclamación en contra das cualificacións.

6Os alumnos e as alumnas desconformes coas cualificacións outorgadas poderán presentar a
7correspondente reclamación perante a dirección da Escola, segundo modelo que se estableza nas
8normas de funcionamento, a través da secretaría, nun prazo de dous días hábiles contados a
9partir do día de comunicación pública das cualificacións. A dirección remitirá a reclamación á
10xefatura de departamento, que no prazo de dous días hábiles logo de recibila, emitirá un informe
11razoado ratificando ou rectificando a cualificación. Este informe será remitido á dirección que
12resolverá no prazo de dous días hábiles logo da recepción do mesmo, de acordo co proposto no
13dito informe, e comunicará ao alumno ou alumna interesado e á xefatura de estudos, para o seu
14coñecemento e para os efectos de rectificación, se procede, da correspondente acta de
15cualificación.

16

17Artigo 15.- Promoción e permanencia.

181. Os alumnos disporán dun máximo de catro convocatorias para superar cada materia e dun
19 máximo de dúas convocatorias para superar as prácticas externas e o traballo fin de grao,
20 respectivamente.

212. Os/as alumnos/as que teñan esgotadas as convocatorias establecidas, poderán solicitar,
22 perante a dirección da Escola, no prazo de quince días contados a partir da comunicación da
23 cualificación que da lugar ao esgotamento da convocatoria, unha convocatoria adicional para
24 cada materia por circunstancias especiais que deberán xustificar, sen que se poida considerar
25 como xustificación a falta de rendemento académico ou a non asistencia á clase e demais
26 actividades formativas programadas. As solicitudes que se presenten serán informadas pola
27 xefatura de departamento que corresponda, facendo constar cantas circunstancias se
28 considerasen relevantes e cantos informes complementarios estime oportunos. Unha vez
29 elaborado o informe, que será preceptivo e vinculante, trasladarase á dirección, que resolverá
30 nun prazo máximo de quince días, contados dende a data de presentación da solicitude do
31 alumno.

323. A concesión dunha convocatoria extraordinaria adicional só ten validez para a presentación e
33 a realización do exame e non implica o dereito de asistencia a clase.

344. A permanencia do alumno no centro non poderá exceder de seis cursos académicos por

1 especialidade.

2

3

Capítulo V

4 **Acceso ás ensinanzas de Grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais.**

5

6 **Artigo 16.- Requisitos xerais de acceso ás ensinanzas de Grao en Conservación e Restauración**
7 **de Bens Culturais.**

8 1. Con carácter xeral, para o acceso aos estudos oficiais de Grao en Conservación
9 e Restauración de Bens Culturais requirirase estar en posesión do título de bacharelato
10 ou título declarado equivalente, ou ter superada a proba de acceso á universidade para
11 maiores de 25 anos, e superar a proba específica de acceso á que se refire o artigo 56.1
12 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que terá como finalidade valorar a
13 madurez, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estas
14 ensinanzas.

15 2. A superación da proba específica á que fai referencia o punto anterior faculta
16 para matricularse unicamente no curso académico para cuxo acceso fose convocada, en
17 calquera dos centros do Estado onde se cursen ditas ensinanzas, sen prexuízo da
18 dispoñibilidade de prazas destes.

19

20 **Artigo 17.- Acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de dezanove anos.**

21 1. Os aspirantes que non estean en posesión do título de bacharelato ou equivalente, e
22 teñan dezanove anos cumpridos no ano de realización das probas, deberán superar a
23 proba establecida no artigo 69.5 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación,
24 debendo acreditar o aspirante os seus coñecementos e a madurez en relación cos
25 obxectivos propios do bacharelato.

26 2. A proba á que fai referencia o punto anterior levarase a cabo, en cada convocatoria, coa
27 antelación suficiente á respecto da data de realización da proba específica, para que os
28 aspirantes que superen a primeira poidan realizar a segunda.

29

30 **Artigo 18.- Acceso directo aos estudos de grao en Conservación e Restauración de Bens**
31 **Culturais**

32 1. Poderán acceder directamente aos estudos oficiais de grao en Conservación e Restauración de
33 Bens Culturais, sen realizar a proba específica sinalada no artigo 16 desta orde, quen estea en
34 posesión dun título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño.

1

2. Correspóndelle á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa establecer a porcentaxe de prazas sobre o total das ofertadas en cada especialidade dos estudos de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais, que se reservarán para esta modalidade de acceso, así como os criterios de prelación na súa adxudicación.

5

Artigo 19.-Convocatoria das probas de acceso

De acordo co disposto no artigo 5 do Real decreto 635/2010 de 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación, as probas de acceso convocaranse conforme ao procedemento que segue:

1. Será competencia da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a convocatoria, organización, desenvolvemento e avaliación das probas de acceso ás ensinanzas de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As probas de acceso ás ensinanzas de grao en deseño realizaranse, cando menos, unha vez ao ano.

3. Para os efectos de garantir a eficacia dos principios de igualdade, mérito e capacidade que deben rexer o proceso de selección no acceso ás ensinanzas de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais, as probas terán carácter centralizado e serán supervisadas por unha comisión nomeada ao efecto pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. As normas de funcionamento desta comisión serán obxecto de regulación específica por parte da dita Dirección Xeral.

4. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa establecerá sistemas de información e procedementos de acollida para os alumnos de novo ingreso. Estes sistemas e procedementos deberán incluír, no caso de aspirantes o ingreso con necesidades específicas derivadas de discapacidade, os servizos de apoio e asesoramento axeitado, que valorarán a posibilidade de adaptacións curriculares.

28

29

Capítulo VI

30

Desenvolvemento das probas de acceso

31

Artigo 20.- Admisión ás probas de acceso

1. No prazo máximo de cinco días hábiles despois de rematado o prazo de inscrición, a Comisión de probas de acceso fará públicas do xeito que se determine na convocatoria,

1

1 as listaxes de aspirantes admitidos, que serán únicas para cada especialidade
2 convocada.

3 2. Os interesados terán un prazo de dous días hábiles, para presentar as reclamacións,
4 cumprimentando e entregando na secretaría da escola no que se inscribisen, o impreso
5 oficial dispoñible nesta.

6 3. Recibidas as reclamacións a Comisión de probas de acceso resolverá o que proceda, e
7 dará a coñecer as listaxes definitivas de admitidos, o calendario e lugar de realización
8 das probas, con unha antelación mínima de cinco días hábiles respecto do inicio destas.

9

10 **Artigo 21.- Proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de dezanove anos.**

11 1. A proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de dezanove anos
12 que deberán superar os aspirantes que non estean en posesión da titulación requirida,
13 será única para todas as especialidades dos estudos de grao en grao en Conservación e
14 Restauración de Bens Culturais, e será válida para a realización da proba específica de
15 acceso a todas as ensinanzas artísticas superiores na Comunidade Autónoma de Galicia.

16 2. A citada proba versará sobre as materias comúns do bacharelato.

17 3. A superación da devandita proba será condición indispensable para concorrer á proba
18 específica de acceso aos estudos de grao en Conservación e Restauración de Bens
19 Culturais.

20

21 **Artigo 22.- Proba de acceso específica.**

22 1. A proba de acceso específica aos estudos de grao en Conservación e Restauración de
23 Bens Culturais será única para todos os aspirantes a cursar ditos estudos na
24 Comunidade Autónoma de Galicia, e diferenciada segundo a especialidade destes.

25 2. A proba específica de acceso aos estudos de grao en Conservación e Restauración de
26 Bens Culturais versará sobre os coñecementos, aptitudes e habilidades para cursar con
27 aproveitamento estes estudos.

28

29 **Artigo 23. - Avaliación da proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de** 30 **dezanove anos.**

31 O resultado da avaliación da proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores
32 de dezanove anos expresarase en termos de APTO ou NON APTO.

33

34 **Artigo 24. - Avaliación da proba de acceso específica.**

1

1 O resultado da avaliación da proba de acceso específica aos estudos de grao en Conservación e
2 Restauración de Bens Culturais expresarase en termos numéricos nunha escala de 0 a 10, con
3 dous decimais, resultado da media aritmética das cualificacións dos membros da Comisión
4 Avaliadora da dita proba.

5

6 **Artigo 25.- Comisións Avaliadoras das probas de acceso aos estudos de Grao en Conservación e** 7 **Restauración de Bens Culturais.**

8 1.- A Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
9 nomeará unha Comisión Avaliadora para a organización, realización e avaliación da proba de
10 acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de dezanove anos aos estudos de grao
11 en Conservación e Restauración de Bens Culturais, integrada por profesorado de ensino
12 secundario especialistas nas materias comúns do bacharelato, e de entre os integrantes da dita
13 Comisión Avaliadora, en número impar en calquera caso, ao Presidente e Secretario desta.

14 2.-A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
15 nomeará unha Comisión Avaliadora encargada da organización, realización e avaliación das
16 probas específicas de acceso aos estudos de grao en Conservación e Restauración de Bens
17 Culturais, integrada, cando menos, por cinco membros, en número impar en calquera caso, dos
18 corpos de profesores ou mestres de taller de artes plásticas e deseño, e por docentes con
19 destino na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, e de
20 entre os membros da citada Comisión Avaliadora, en número impar en calquera caso, ao
21 Presidente e Secretario desta.

22

23 **Disposicións adicionais**

24

25 **Primeira - Correspondencia na denominación das materias.**

26 Para os efectos do establecido na presente orde, os termos “materia” e “asignatura” aos que fai
27 referencia o Real decreto 635/2010 de 14 de maio, polo que se regula o contido básico das
28 ensinanzas artísticas superiores de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais,
29 establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación, correspóndense, respectivamente, cos
30 termos “área de coñecemento” e “materia”.

31

32 **Segunda - Sistema de Xestión Calidade.**

33 1. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, no
34 ámbito das súas competencias, establecerá cantas normas considere oportunas para o

1 desenvolvemento dos sistemas de garantía interna da calidade dos centros de ensinanzas
2 artísticas superiores.

3 2. A Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia deberá establecer
4 protocolos e liñas de actuación segundo os parámetros establecidos pola Asociación
5 Europea para a Garantía da Calidade da Educación Superior e polas institucións
6 nacionais e autonómicas que se determinen por parte da Dirección Xeral de Educación,
7 Formación Profesional e Innovación Educativa.

8 3. A Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia establecerá un
9 Sistema de Garantía Interna da Calidade coa finalidade de potenciar a mellora das súas
10 actividades docentes, investigadoras e de xestión.

11 4. O Sistema de Garantía interna de Calidade seguirá as normativas establecidas polas
12 administracións educativas en relación cos procesos de xestión, verificación, acreditación
13 e auditorías de calidade.

14

15 **Terceira - Implantación das ensinanzas de grao en Conservación e Restauración de Bens**
16 **Culturais.**

17 Segundo o disposto no Real decreto 635/2010 de 14 de maio, polo que se regula o contido básico
18 das ensinanzas artísticas superiores de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais,
19 establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación, na súa disposición adicional cuarta, no
20 ano académico 2010-2011 iniciarase a implantación progresiva dos estudos de grao en
21 Conservación e Restauración de Bens Culturais, na Comunidade Autónoma de Galicia.

22

23 **Disposicións transitorias**

24 **Primeira** - De acordo co previsto na disposición adicional cuarta do Real decreto 635/2010 de 14
25 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en
26 Conservación e Restauración de Bens Culturais, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de
27 Educación, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
28 establecerá o sistema de recoñecemento de créditos ao alumnado procedente de plans de
29 estudos anteriores a entrada en vigor desta orde.

30

31 **Segunda** - Para a realización das probas de acceso ao curso 2010-2011 non será de aplicación
32 o establecido na presente orde. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e
33 Innovación Educativa comunicará á escola as especialidades e o número de vacantes que en
34 cada caso se determinen.

1

2 **Disposicións derradeiras**

3

4 **Primeira.-** Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación
5 Educativa para ditar cantas normas se consideren oportunas para o desenvolvemento desta orde.

6

7 **Segunda.-** Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de
8 Galicia.

9

10 Santiago de Compostela, de 2010.

11

12 Jesús Vázquez Abad

13 Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria



Confederación Intersindical Galega

ANEXO

1

2

3 Para os efectos do disposto no Anexo doa presente Orde, terase en conta o seguinte:

4

5 1.- Significado das abreviaturas

6 **F.B.** . = Materia con carácter de Formación Básica

7 **O.E.** = Materia con carácter de Obrigatoria de Especialidade

8 **Horas de clase/semana** = Horas lectivas de clase programadas á semana con presenza do

9 profesorado.

10 **Horas clase /curso**= Horas de clase lectivas con profesor por curso e materia

11 **1º /2º cuadr.** = Materia que se imparte só no 1º / 2º cuadrimestre do curso académico.

12 **Tipo** = Materia Teórica (**T**), Teórico-Práctica (**T:P**) ou Práctica (**P**)

13 **Crédito ECTS** = Total de créditos ECTS asignados a cada materia do plan de estudos.

14

15 2.- O plan de estudos contempla 38 semanas lectivas completas para cada curso académico

16

17

1º Curso Común	GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BEN CULTURAIIS						
Área de coñecemento	Materia	Carác.	Tipo	Horas clase/semana		Horas clase/ curso	Créditos ECTS
				1º cuadr.	2º cuadr.		
PRINCIPIOS TÉCNICOS E METODOLÓXICOS DE CONSERVACIÓN- RESTAURACIÓN	Principios Técnicos e Metodolóxicos da Conservación - Restauracion	F.B.	T.	8	---	152	7
	Prácticas de Reintegración	F.B.	T.	-----	8		152
CONSERVACIÓN PREVENTIVA: BENS IN SITU, DEPÓSITO, EXPOSICIONS E TRASLADOS	Principios de Conservación Preventiva I	F.B.	T.	3	----	57	3
	Principios de Conservación Preventiva II	F.B.	T.	-----	3		57
PROCEDEM. E TÉCNICAS ARTÍSTICAS	Debuxo e Cor	F.B.	TP	4		152	7
RECURSOS INFORMÁTICOS APLICADOS Á C-R.	Informática Aplicada á Documentación	FB	TP	3		114	6
QUÍMICA, FÍSICA E	Fundamentos de Física e Química	FB	T.	3		114	6

BIOLOXÍA:FUNDAMENTOS E APLICACIÓNS A C.-R.	Bioloxía Aplicada a Conservación. - Restauración	FB	T	2	76	4	
HISTORIA DOS BENS CULTURAI	Historia da Arte e os Bens Culturais I	FB	T	3	114	7	
	Antropoloxía e Patrimonio Etnográfico	FB	T	2	76	4	
TEORÍA E Hª. DA CONS.-REST.. E NORMATIVA PARA A PROTECC. DO PATRIM.	Teoría e Historia da Conservación -Restauración	FB	T	2	76	6	
TOTAIS:				30	30	1140	60

1

2

Área de coñecemento	Materia	Carác.	Tipo	Horas clase/semana		Horas clase/cursu	Créditos ECTS
				1º cuadr.	2º cuadr.		
				2º Curso Común GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BEN CULTURAI			
PRINCIPIOS TÉCNICOS E METODOLÓXICOS DE CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN	Prácticas de Consolidación e Adhesión de Bens Culturais	FB	TP	7	---	133	7
	Prácticas de Limpeza de Bens Culturais	F.B.	TP	----	7	133	7
CONSERVACIÓN PREVENTIVA:BENS IN SITU, DEPÓSITO, EXPOSICIÓNS E TRASLADOS	Principios de Conserv. Preventiva III	F.B.	T.	2	----	38	2
	Principios de Conserv. Preventiva IV	F.B.	T.	----	2	38	2
TÉCNICAS DE OBTENCIÓN E TRATAMENTO DE IMAXES.	Técnicas Fotográficas	F.B.	TP	3		114	7
PROCEDEMENTOS E TÉCNICAS ARTÍSTICAS.	Procedementos de Bens Culturais	FB	TP	4		152	7
QUÍMICA, FÍSICA E BIOLOXÍA:FUNDAMENTOS E APLICACIÓNS A C.-R.	Física e Química Aplicada:Limpeza e Adhesión	FB	T.	3	----	57	3
	Física e Química Aplicada:Axentes de Alteración.	FB	T	----	3	57	3
TECNOLOXÍA E PROPIEDADES DOS MATERIASI	Tecnoloxía e Propiedades dos Materiais	FB	T	3		114	7
HISTORIA DOS BENS CULTURAI	Historia da Arte e os Bens Culturais II	FB	T	3		114	7

1

16

METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN E DA DOCUMENTACIÓN	Metodoloxía da Investigación e da Documentación.	FB	TP	3	114	4	
PROXECTOS DE CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN	Difusión, Técnicas de Comunicación:TIC's	FB	TP	2	76	4	
TOTAIS:				30	30	1140	60

1

2

3º Curso Especialidade	GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BEN CULTURAIS						
	Especialidade: BENS ARQUEOLÓXICOS						
	Área de coñecemento <i>Materia</i>	Carác.	Tipo	Horas clase/semana		Horas clase/ curso	Créditos ECTS
1º cuadr.				2º cuadr.			
METODOLOXÍA E PRÁCTICAS DE CONS.- RESTAUR. EN BENS ARQUEOLÓXICOS	Práctica de Conservación Activa de Bens Arqueolóxicos I	O.E.	TP.	13	----	247	11
	Prácticas de Conservación activa de Bens Arqueolóxicos II	O.E..	TP	-----	13	247	11
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Arqueolóxicos I	O.E.	T.	2	-----	38	3
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Arqueolóxicos II	O.E.	T.	-----	2	38	3
CONSERVACIÓN PREVENTIVA:BENS IN SITU, DEPÓSITO, EXPOSICIÓN E TRASLADOS	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Arqueolóxicos I	F.B.	T	2	-----	38	2
	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Culturais II	F.B.	T	-----	2	38	2
TÉCNICAS DO BEN CULTURAL ARQUEOLÓXICO:APLICACIÓN A CONS.-REST.	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Arqueolóxico I	OE	TP	4	-----	76	4
	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Arqueolóxico II	OE		-----	4	76	4
TÉCNICAS DE OBTENCIÓN E TRATAMENTO DE IMAXES	Técnicas de Documentación Gráfica dos Bens Arqueolóxicos I	FB	TP	2	-----	38	2
RECURSOS INFORMÁTICOS APLICADOS Á CONS.- RESTAUR.	Técnicas de Documentación Gráfica dos Bens Arqueolóxicos II	FB	TP	-----	2	38	2
QUÍMICA, FÍSICA E BIOLOXÍA:FUNDAMENT	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións I	OE	TP	2	-----	38	2

1

17

OS E APLICACIÓNS Á CONS.-REST.	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións II	OE	TP	-----	2	38	2
Hª. DO BEN CULTURAL	Historia dos Bens Arqueolóxicos I	OE	T	3	-----	57	4
ARQUEOLÓXICO.APLICACIÓN Á CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN	Historia dos Bens Arqueolóxicos II	OE	T	-----	3	57	4
	Iconoloxía, Iconografía e Tipoloxía I	OE	T	2	-----	38	2
	Iconoloxía, Iconografía e Tipoloxía II	OE	T	-----	2	38	2
	TOTAIS:			30	30	1140	60

1

2

4º Curso Especialidade	GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BEN CULTURAIIS						
	Especialidade: BENS ARQUEOLÓXICOS						
Área de coñecemento	Materia	Carác.	Tipo	Horas clase/semana		Horas clase/curso	Créditos ECTS
				1º cuadr.	2º cuadr.		
METODOLOXÍA E PRÁCTICAS DE CONS.- RESTAUR. EN BENS ARQUEOLÓXICOS	Práctica de Conservación Activa de Bens Arqueolóxicos III	O.E.	TP	12	----	228	8
	Técnica da Conservación Activa de Bens Arqueolóxicos II	O.E..	TP	3	-----	57	3
	Técnica e Práctica da Conservación Activa e Preventiva dos Bens Arqueolóxicos	O.E.	TP	-----	10	190	8
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Arqueolóxicos II	O.E.	T.	-----	2	38	3
CONSERVACIÓN PREVENTIVA:BENS IN SITU, DEPÓSITO, EXPOSICIÓNS E TRASLADOS	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Arqueolóxicos III	O.E.	T	3	-----	57	3
TÉCNICAS DO BEN CULTURAL ARQUEOLÓXICO:APLICACIÓN A CONS.- REST.	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Arqueolóxico III	OE	TP	3	-----	57	3
XESTIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL	Xestión do Patrimonio Cultural	FB	T	4	-----	76	4
QUÍMICA, FÍSICA BIOLOXÍA:FUNDAMENTOS E APLICACIÓNS Á CONSERV.-RESTURA.	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións	OE	TP	2	-----	38	2
XESTIÓN E ORGANIZACIÓN PROFESIONAL	Xestión e Actividade Profesional	FB	T	-----	3	57	4
PROXECTOS DE							

1

18

RESTAURACIÓN- CONSERVACIÓN	Proxectos de Conservación -Restauración	FB	T	-----	3	57	4
Hª. DO BEN CULTURAL ARQUEOLÓXICO.APLIC ACIÓN Á CONSERVACIÓN- RESTAURACIÓN	Historia dos Bens Arqueolóxicos III	OE	T	3	-----	57	4
PRÁCTICAS EXTERNAS / TRABALLO FIN DE GRAO	Prácticas Externas	FB	P	-----	-----	-----	6
	Traballo Fin de Grao	OE	TP	-----	2	38	8
TOTAIS:				30	20	950	60

1

2

3º Curso Especialidade	GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BEN CULTURAIIS						
	Especialidade: BENS ESCULTÓRICOS						
	Área de coñecemento <i>Materia</i>	Carác.	Tipo	Horas clase/semana		Horas clase/ curso	Créditos ECTS
1º cuadr.				2º cuadr.			
METODOLOXÍA E PRÁCTICAS DE CONS. - RESTAUR. EN BENS ESCULTÓRICOS	Práctica de Conservación Activa de Bens Escultóricos I	O.E.	TP.	13	----	247	11
	Prácticas de Conservación activa de Bens Escultóricos II	O.E..	TP	-----	13	247	11
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Escultóricos I	O.E.	T.	2	-----	38	3
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Escultóricos II	O.E.	T.	-----	2	38	3
CONSERVACIÓN PREVENTIVA:BENS IN SITU, DEPÓSITO, EXPOSICIÓNS E TRASLADOS	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Escultóricos I	F.B.	T	2	-----	38	2
	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Escultóricos II	F.B.	T	-----	2	38	2
TÉCNICAS DO BEN CULTURAL ESCULTÓRICO :APLICACIÓN A CONS.-REST.	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Escultórico I	OE	TP	4	-----	76	4
	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Escultórico II	OE	TP	-----	4	76	4
TÉCNICAS DE OBTENCIÓN E TRATAMENTO DE IMAXES	Técnicas de Documentación Gráfica dos Bens Escultóricos I	FB	TP	2	-----	38	2
RECURSOS INFORMÁTICOS	Técnicas de Documentación Gráfica dos Bens Escultóricos II	FB	TP	-----	2	38	2

1

19

APLICADOS Á CONS.-RESTAUR.							
QUÍMICA, FÍSICA E BIOLOXÍA:FUNDAMENTOS E APLICACIÓNS Á CONS.-REST.	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións I	OE	TP	2	-----	38	2
	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións II	OE	TP	-----	2	38	2
Hª. DO BEN CULTURAL ESCULTÓRICO.APLICACIÓN Á CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN	Historia dos Bens Escultóricos I	OE	T	3	-----	57	4
	Historia dos Bens Escultóricos II	OE	T	-----	3	57	4
	Iconoloxía, Iconografía e Tipoloxía I	OE	T	2	-----	38	2
	Iconoloxía, Iconografía e Tipoloxía II	OE	T	-----	2	38	2
TOTAIS:				30	30	1140	60

1

2

4º Curso Especialidade	GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BEN CULTURAIIS						
	Especialidade: BENS ESCULTÓRICOS						
	Área de coñecemento <i>Materia</i>	Carác.	Tipo	Horas clase/semana		Horas clase/ curso	Créditos ECTS
1º cuadr.				2º cuadr.			
METODOLOXÍA E PRÁCTICAS DE CONS.-RESTAUR. EN BENS ESCULTÓRICOS	Práctica de Conservación Activa de Bens Escultóricos III	O.E.	TP	12	----	228	8
	Técnica da Conservación Activa de Bens Escultóricos II	O.E..	TP	3	-----	57	3
	Técnica e Práctica da Conservación Activa e Preventiva dos Bens Escultóricos.	O.E.	TP	-----	10	190	8
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Escultóricos II	O.E.	T.	-----	2	38	3
CONSERVACIÓN PREVENTIVA:BENS IN SITU, DEPÓSITO, EXPOSICIÓNS E TRASLADOS	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Escultóricos III	O.E.	T	3	-----	57	3
TÉCNICAS DO BEN CULTURAL ESCULTÓRICO APLICACIÓN A CONS.-REST.	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Escultórico III	OE	TP	3	-----	57	3
XESTIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL	Xestión do Patrimonio Cultural	FB	T	4	-----	76	4
QUÍMICA, FÍSICA BIOLOXÍA:FUNDAMENTOS E APLICACIÓNS Á CONSERV.-RESTURA.	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións	OE	TP	2	-----	38	2

1

20

XESTIÓN E ORGANIZACIÓN PROFESIONAL	Xestión e Actividade Profesional	FB	T	-----	3	57	4	
PROXECTOS DE RESTAURACIÓN-CONSERVACIÓN	Proxectos de Conservación -Restauración	FB	T	-----	3	57	4	
Hª. DO BEN CULTURAL ESCULTÓRICO .APLICACIÓN Á CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN	Historia dos Bens Escultóricos III	OE	T	3	-----	57	4	
PRÁCTICAS EXTERNAS / TRABALLO FIN DE GRAO	Prácticas Externas	FB	P	-----	-----	-----	6	
	Traballo Fin de Grao	OE	TP	-----	2	38	8	
TOTAIS:					30	20	950	60

1

2

3

3º Curso		GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BEN CULTURAI						
Especialidade		Especialidade: BENS PICTÓRICOS						
<i>Área de coñecemento</i>	<i>Materia</i>	<i>Carác.</i>	<i>Tipo</i>	<i>Horas clase/semana</i>		<i>Horas clase/ curso</i>	<i>Créditos ECTS</i>	
				<i>1º cuadr.</i>	<i>2º cuadr.</i>			
METODOLOXÍA E PRÁCTICAS DE CONS. - RESTAUR. EN BENS PICTÓRICOS	Práctica de Conservación Activa de Bens Pictóricos I	O.E.	TP.	13	-----	247	11	
	Prácticas de Conservación activa de Bens Pictóricos II	O.E..	TP	-----	13	247	11	
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Pictóricos I	O.E.	T.	2	-----	38	3	
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Pictóricos II	O.E.	T.	-----	2	38	3	
CONSERVACIÓN PREVENTIVA:BENS IN SITU, DEPÓSITO, EXPOSICIÓNS E TRASLADOS	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Pictóricos I	F.B.	T	2	-----	38	2	
	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Pictóricos II	F.B.	T	-----	2	38	2	
TÉCNICAS DO BEN CULTURAL PICTÓRICO :APLICACIÓN A CONS.-REST.	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Pictórico I	OE	TP	4	-----	76	4	
	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Pictórico II	OE		-----	4	76	4	

1

21

TÉCNICAS DE OBTENCIÓN E TRATAMENTO DE IMAXES	Técnicas de Documentación Gráfica dos Bens Pictóricos I	FB	TP	2	-----	38	2
RECURSOS INFORMÁTICOS APLICADOS Á CONS.- RESTAUR.	Técnicas de Documentación Gráfica dos Bens Pictóricos II	FB	TP	-----	2	38	2
QUÍMICA, FÍSICA E BIOLOXÍA:FUNDAMENTOS E APLICACIÓNS Á CONS.-REST.	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións I	OE	TP	2	-----	38	2
	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións II	OE	TP	-----	2	38	2
Hª. DO BEN CULTURAL PICTÓRICO.APLICACIÓN Á CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN	Historia dos Bens Pictóricos I	OE	T	3	-----	57	4
	Historia dos Bens Pictóricos II	OE	T	-----	3	57	4
	Iconoloxía, Iconografía e Tipoloxía I	OE	T	2	-----	38	2
	Iconoloxía, Iconografía e Tipoloxía II	OE	T	-----	2	38	2
TOTAIS:				30	30	1140	60

1

2

4º Curso Especialidade	GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BEN CULTURAIIS Especialidade: BENS PICTÓRICOS						
	Área de coñecemento <i>Materia</i>	Carác.	Tipo	Horas clase/semana		Horas clase/ curso	Créditos ECTS
1º cuadr.				2º cuadr.			
METODOLOXÍA E PRÁCTICAS DE CONS.- RESTAUR. EN BENS PICTÓRICOS	Práctica de Conservación Activa de Bens Pictórico III	O.E.	TP	12	-----	228	8
	Técnica da Conservación Activa de Bens Pictóricos II	O.E..	TP	3	-----	57	3
	Técnica e Práctica da Conservación Activa e Preventiva dos Bens Pictóricos.	O.E.	TP	-----	10	190	8
	Técnica da Conservación Activa dos Bens Pictóricos II	O.E.	T.	-----	2	38	3
CONSERVACIÓN PREVENTIVA:BENS IN SITU, DEPÓSITO, EXPOSICIÓNS E TRASLADOS	Técnicas da Conservación Preventiva dos Bens Pictóricos III	O.E.	T	3	-----	57	3
TÉCNICAS DO BEN CULTURAL PICTÓRICO APLICACIÓN A CONS.- REST.	Teoría e Práctica das Técnicas do Ben Pictórico III	OE	TP	3	-----	57	3

1

22

XESTIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL	Xestión do Patrimonio Cultural	FB	T	4	-----	76	4
QUÍMICA, FÍSICA BIOLOXÍA:FUNDAMENTOS E APLICACIÓNS Á CONSERV.-RESTURA.	Técnicas de Estudo Científico dos Materiais e as súas Alteracións	OE	TP	2	-----	38	2
XESTIÓN E ORGANIZACIÓN PROFESIONAL	Xestión e Actividade Profesional	FB	T	-----	3	57	4
PROXECTOS DE RESTAURACIÓN-CONSERVACIÓN	Proxectos de Conservación -Restauración	FB	T	-----	3	57	4
Hª. DO BEN CULTURAL PICTÓRICO .APLICACIÓN Á CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN	Historia dos Bens Pictóricos III	OE	T	3	-----	57	4
PRÁCTICAS EXTERNAS / TRABALLO FIN DE GRAO	Prácticas Externas	FB	P	-----	-----	-----	6
	Traballo Fin de Grao	OE	TP	-----	2	38	8
TOTAIS:				30	20	950	60

1

2

Confederación Intersindical Galega